



PANXOLIÑA DOS RATOS

Durme, meu ratiño, durme,
durme que che hei de traer
un dente novo de neno
para que rilles con el...

Para turrón duro,
para turrón brando,
abelás, piñóns
e mais figos pasos.

Améndoas moi doces,
castañas e pipas,
melindres e nocés,
e mais figos pasos.

Durme, meu ratiño, durme,
durme que sa son as doce.
Durme, meu ratiño, durme,
durme que aí vén Ratimago.
Cun dente novo de neno
que trae gardado nun saco...

Para turrón duro,
para turrón brando,

abelás, piñóns
e mais figos pasos.

Améndoas moi doces,
castañas e pipas,
melindres e nocés,
e mais figos pasos.

Durme, durme, meu ratiño
no meu colo de sabores.
Durme, meu ratiño, durme,
durme que xa son as doce.